

Ante a emerxencia climática que XA sufrimos: Solucións, non declaracións

Santiago de Compostela, 23 de novembro do 2023.

En representación da sociedade civil galega, as seguintes organización non gubernamentais asinamos este manifesto aproveitando a próxima celebración da COP28 2023 entre os días 30 de novembro e 12 de decembro en Dubái (Emiratos Árabes Unidos). ADEGA, Amigas da Terra, Amnistía Internacional Galicia, Coordinadora Galega de ONGDs, Federación Galega de Ecoloxistas en Acción, Fridays For Future Compostela, Fridays For Future Vigo, Greenpeace, Oxfam Intermón e Xuventude polo Clima Galicia, todas somos #AfectadasXClima.

Nós, as persoas afectadas polo cambio climático erguémonos e manifestámonos polo dereito a vivir nunha contorna digna e sá. Esiximos aos gobernos locais, autonómicos, nacionais e internacionais que cumpran co seu deber de protexer a vida e o futuro de todas as persoas. Esiximos unha resposta suficiente e axeitada contra a crise climática que atravesamos, a través dunha transformación sen precedentes que poña no centro ás persoas, a ciencia, a saúde, a redución das desigualdades e a xustiza climática.

O ano 2023 converteuse no ano máis caluroso da historia da humanidade, e tras outro ano 2022 de récords sen precedentes, os efectos do cambio climático xa impactan de forma desastrosa en millóns de persoas no noso territorio e no resto do planeta. As vagas de calor, as secas extremas, as choivas torrenciais, os incendios forestais... están a causar miles de vítimas mortais. Unhas perdas e danos que se dan especialmente nas mulleres e nos colectivos e países máis vulnerables, cuxa responsabilidade histórica ante a emerxencia climática é moi pequena ou inexistente.

Isto non é xusto. Non é xusto porque mentres grandes empresas contaminantes, transnacionais e do Ibex35, obteñen miles de millóns de euros de beneficios cada ano á conta dos petos de

toda a cidadanía, elas mesmas aceleran a crise climática e acrecentan as desigualdades.

Por todo isto, no marco dun chamamento internacional, as dez organización asinantes deste manifesto mobilizámonos como persoas afectadas e en solidariedade cos países do Sur global máis impactados pola crise climática. Mentres os gobernos mundiais se reunen en Dubai na COP28, unímonos nesta mobilización pola falta de ambición e algunhas malas prácticas dos gobernos nacionais, rexionais e locais, e a cobiza das grandes empresas e a industria fósil.

Ao mesmo tempo, reclamamos o respecto aos dereitos de liberdade de expresión e reunión, na COP28 e en todo o mundo, así como a liberación das persoas presas en Emiratos Árabes Unidos por exercelos. Esiximos que se inicien de forma inmediata os cambios necesarios para afrontar a crise climática nas políticas enerxéticas, urbanas, agrarias, sociais e económicas, que protexan ás persoas, especialmente ás mulleres, e ao planeta fronte ás múltiples agresións que nos deixan cada vez máis expostas e ante “as portas do inferno climático”, en palabras do Secretario Xeral de Nacións Unidas.

Organizacións asinantes do manifesto:

ADEGA
Amigas da Terra
Amnistía Internacional Galicia
Coordinadora Galega de ONGDs
Federación Galega de Ecoloxistas en Acción
Fridays For Future Compostela
Fridays For Future Vigo
Greenpeace
Oxfam Intermón
Xuventude polo Clima Galicia